

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO
DA CORPORACION O DÍA 22/05/2018, EN PRIMEIRA
CONVOCATORIA.**

**ASISTENTES
Concelleiros**

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

**Concelleiros
Partido Popular (PP)**

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.-
- 2º.- Aprobación, se procede, Presuposto Ordinario de 2018.-
- 3º.- Solicitud á Demarcación de Costas de Galicia sobre Desafectación e posterior cesión o Concello do espazo sito na zona da Riveira.-
- 4º.- Aprobación, se procede, Ordenanza Reguladora do Acceso restrinxido de Vehiculos ás zonas peonís de Fisterra.-
- 5º.- Resolucions da Alcaldía, para coñecemento.-
- 6º.- Rogos e preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubiión sendo ás 20:00 horas, do día 22/05/2018, reúnense no Salón de Sesiões da Casa do Concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.

- Sometida a votación a do día 2 de Febreiro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

- Sometida a votación a do día 16 de Abril de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Aprobación, se procede, Presuposto Ordinario de 2018.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención, o Pleno por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) e Cinco abstencións (4 grupo popular e 1 Convergencia Galega), acorda:

1º Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2017, que ascende tanto no Estado de Gastos como no Estado de Ingresos á cantidade de Tres millóns catrocentos oitenta e sete mil setecentos noventa e sete euros con noventa e un céntimos (.487.797,91 €) co seguinte resume:

Estado de Gastos

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	1.187.786,04 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.686.029,74 €
3	Gastos financeiros	0,00 €
4	Transferencias correntes	87.195,63 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións Reais	578.977,86 €
7	Transferencia de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	46.166,19 €
SUMA TOTAL DE GASTOS		3.586.155,46 €

Estado de Ingresos

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Impostos Directos	715.289,54 €
2	Impostos Indirectos	40.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	613.693,40 €
4	Transferencias correntes	1.703.501,61 €
5	Ingresos Patrimoniais	28.188,65 €
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	439.316,07 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	46.166,19 €
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	3.586.155,46 €

2º Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito orzamento.

3º De conformidade co disposto no Art. 126-1 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, en relación co Art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, apróbase o Cadro de Persoal en relación de postos de traballo que figura no expediente.

4º Que se expoña ó público por espazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no Art. 150.1 da citada Lei.

5º Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, será considerado definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, xuntamente co Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo, segundo expoñen os Art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, e 150.3 da referida e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

INTERVENCIONES

Sr. García Pouso do grupo Convergencia Galega

- Considero que deben efectuarse controis sobre os custos das facturas de iluminación pública e teléfono para tratar de conseguir unha redución de gastos nestas Partidas Presupostarias.-

Sr. Alcalde: Xa se está facendo un control exhaustivo sobre o coste dos teléfonos e da enerxía eléctrica, de feixo xa se conseguiu unha baixada nas Facturas de ambas Empresas.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

- Prevese a cantidade de 94.000 € para financiar o Festival de Blues, non son moitos millóns para un evento deste tipo?

Sr. Alcalde: De principio prevese unha subvención do 100% da Deputación, no caso de non ser concedida, estudarase reducir o gasto con cargo a fondos propios municipais.-

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

- Para os gastos previstos neste Festival, a parte da subvención solicitada a Excmá Deputación, pedíronse outros apoios a Organismos Oficiais e faránse dacordo co que se conceda minorando no posible a aportación municipal.-

3º.- Solicitud e á Demarcación de Costas de Galicia sobre Desafectación e posterior cesión o Concello do espazo sito na zona da Riveira.-

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda :

- Solicitar da Demarcación de Costas de Galicia se fagan as xestións oportunas para proceder a desafectación e posterior cesión gratuita ao Concello de Fisterra da zona comprendida entre a porción de liña de Ribeira de Mar que vai do punto R3 ao punto R12 e a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre correspondente aos mesmos puntos o que supón unha Superficie total de 2.150 metros cuadrados determinada na zona raiada de cor azul do Plano que consta no expediente, mantendo o mesmo Uso Público e gratuito.-

- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que no nome desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo así como levar a cabo todas aquelas accións que se consideren oportunas para a axeitada consecución deste fin.-

4º.- Aprobación, se procede, Ordenanza Reguladora do Acceso restrinxido de Vehículos ás zonas peonís de Fisterra.-

O Pleno por seis votos a favor (4 PSdG -PSOE , 2 BNG), 1 en contra do Sr. García Pouso do grupo Convergencia Galega e sen a participación dos Concelleiros do grupo popular manifestando que o fan neste sentido porque

o día 17 de Xullo de 2017 presentaron un escrito e non foi contestado,
ACORDA :

1) Aprobar provisionalmente a seguinte ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO RESTRINXIDO DE VEHÍCULOS ÁS ZONAS PEONÍS DE FISTERRA co seguinte contido :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, establece, no seu artigo 7, que corresponde aos municipios a regulación, mediante ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todas as persoas usuarias coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo iso co fin de favorecer a súa integración social.

Na actualidade, o Concello de Fisterra conta cunha Ordenanza xeral municipal de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, publicada no BOP nº 64 de 8 de abril de 2010, norma que dedica, o seu artigo 6, á regulación das zonas peonís. Visto o contido do referido precepto, xúlgase necesario complementar e desenvolver, a través da presente Ordenanza, a regulación vixente sobre a determinación e uso das zonas peonís. Así, a presente Ordenanza establece que ha de entenderse por zona peonil, determina as circunstancias que dan lugar ao dereito de acceso rodado ás mesmas, regula os títulos habilitantes que resulta preciso recabar do Concello a tales efectos e contempla as excepcións á necesidade de atoparse en posesión dos mesmos.

Igualmente, é obxecto de regulación contida na presente Ordenanza a tipificación daquelas condutas, actuacións ou omisións que constitúen unha infracción das previsións contidas na mesma, así como o réxime sancionador aplicable a cada unha delas.

A necesidade de combinar espazos municipais de atractivo turístico, altamente transitados, tanto polos veciños da zona, como por turistas, a procura da súa correcta conservación, así como co tránsito rodado que nas mesmas se dá, consecuencia das necesidades dos residentes da zona e dos locais que acollen actividades comerciais, dan lugar a esta iniciativa do Concello de Fisterra, mediante a que se trata de aunar todos estes intereses expostos, na procura dun espazo máis comfortable e seguro.

Artigo 1º. - Obxecto

É obxecto da presente ordenanza a regulación do uso e condicións de acceso restrinxido ó tráfico rodado nas vías ou zonas peonís do Concello de Fisterra.

Artigo 2.- Delimitación das zonas peonís

Considéranse zonas peonís aquelas nas que o Concello de Fisterra prohíbe total ou parcialmente a circulación rodada así como o estacionamento de vehículos. O órgano competente para a súa declaración será, nos termos do previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Alcalde ou concelleiro/a no/a que delegue.

Artigo 3. – Sinalización e control

As vías ou zonas peonís delimitaranse coa correspondente sinalización vertical, así como coa instalación doutros elementos que impidan ou restrinxan o acceso de vehículos a tales lugares. Nos sinais situados á entrada e saída da zona peonil indicaranse as limitacións de uso e os horarios, se procede.

O seguimento e control de entradas e saídas das zonas peonís realizarase pola Policía Local, sen prexuízo de que se poidan empregar outros elementos móbiles ou telemáticos que impidan a entrada e a circulación de vehículos na rúa ou zona afectada.

Artigo 4. – Prohibición de circulación e estacionamento en zonas peonís

A prohibición de circulación e estacionamento de vehículos nas zonas peonís poderá comprender a totalidade de vías que se atopen dentro dunha zona delimitada e sinalizada como zona peonil, limitarse a un horario determinado e/ou limitarse a determinados días ou tempadas, sempre que exista unha razón e motivación suficiente que acredite ou xustifique tal restrición.

Artigo 5. – Excepcións á limitación de circulación e estacionamento

En todo caso, quedarán excluídos das limitacións á circulación e ao estacionamento establecidas nesta Ordenanza os vehículos debidamente autorizados polo Concello en atención tanto ás circunstancias do lugar como da persoa usuaria do vehículo, así como, en calquera caso, nos seguintes supostos:

a) Vehículos oficiais e vehículos de urxencia:

Inclúense dentro desta categoría os vehículos destinados á prestación de servizos propios da Administración, como son os das Forzas e Corps de Seguridade, os vehículos públicos de hixiene urbana ou calquera outro destinado a un servizo público que se atope debidamente identificado.

Igualmente, quedan excluídos das prohibicións de circulación dentro das zonas peonís os vehículos de extinción de incendios, protección civil, asistencia sanitaria, prestación de servizos sociais ou asistenciais, vehículos de empresas funerarias en acto de servizo ou calquera outro de natureza semellante.

En todo caso, as empresas, servizos ou persoas afectadas por estas limitacións, e para o caso de establecerse un sistema de control electrónico de acceso, deberán

comunicar a matrícula dos vehículos ó Concello a efectos de incorporalos á base de datos do sistema e permitir o seu acceso.

b) Circulación ciclista, excepto en momentos de aglomeración dentro da zona peonil, de conformidade co artigo 10.3 da Ordenanza reguladora Xeral Municipal de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria do Concello de Fisterra.

c) En todo caso, e sen prexuízo das previsións anteriores, os vehículos aos que se refire o artigo 6.4 da Ordenanza Xeral Municipal de Tráfico do Concello de Fisterra.

d) Calquera outro vehículo que, como consecuencia das prestacións que co mesmo se leven a cabo, conte coa correspondente autorización da Xunta de Goberno Local.

Namentres non se instale ningún dispositivo que impida o acceso ás zonas peonís, os vehículos afectados pola excepción prevista deberán comunicar ao Concello con antelación o acceso á zona peonil e o motivo que xustifica o mesmo. Para o suposto de non resultar posible dita comunicación previa, deberá acreditarse o acceso e o motivo do mesmo no prazo de dous días hábiles seguintes á súa realización.

Artigo 6.- Obrigas respecto da circulación en zonas peonís

A circulación de vehículos, bicicletas e peóns nas vías e zonas peonís deberá suxeitarse ás seguintes particularidades:

a) A circulación de peóns será preferente á de vehículos e bicicletas, a excepción do suposto en que os vehículos circulen prestando un servizo de urxencia ou emerxencia.

b) Os vehículos que circulen ou estacionen dentro dunha zona peonil deberán levar visible a tarxeta que autorice a súa entrada en dita zona, a excepción dos sinalados no artigo 5 a), b), c) e d).

c) A circulación de vehículos e bicicletas dentro das zonas peonís quedará limitada a unha velocidade máxima de 10 km/h.

Artigo 7.- Vehículos autorizables

1. Poderán acceder á zona peonil, ademais dos vehículos sinalados no artigo 5, os vehículos que obteñan a tarxeta de pase, previa solicitude da mesma e acreditación das circunstancias que xustifiquen a súa obtención nos seguintes casos:

a) Os vehículos pertencentes a veciñas e veciños residentes na zona peonil.

b) Os vehículos comerciais de empresas de servizos para a realización de operacións de carga e descarga.

c) Os vehículos de titulares de actividades comerciais en locais situados na zona peonil.

d) Os seguintes vehículos de gremios:

-Os construtores, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados na zona peonil.

-Outros gremios, durante o tempo que dure a execución das súas tarefas en edificios situados na zona peonil.

e) Outros vehículos diferentes aos sinalados no apartado c) que distribúan mercancías.

f) Outros vehículos que contén coa correspondente autorización.

2. Non obstante ao anterior, o Concello poderá moderar as condicións de acceso á zona peonil a particulares, empresas, gremios ou entidades sinaladas nos apartados anteriores, como consecuencia da modificación do tráfico rodado na vila ou en situación de festas ou con ocasión da organización doutros eventos e actividades que poidan afectar ás zonas peonís.

3. Queda absolutamente prohibida a circulación rodada pola zona peonil, á marxe das situacións e circunstancias descritas nesta ordenanza.

Artigo 8.- Procedemento de solicitude e concesión de tarxetas

1. O procedemento iniciarase a instancia de parte, debendo presentar a persoa interesada unha solicitude xunto coa documentación suficiente que acredite a concorrencia das circunstancias xustificativas da necesidade da tarxeta (certificado de empadramento, alta no IAE, contrato de aluguer de vivenda ou praza de garaxe dentro da zona peonil, contrato de subministro con empresa dentro da zona peonil,etc) na Oficina de Rexistro do Concello, ou na Sede Electrónica do Rexistro.

2. O Concello tramitará a correspondente solicitude, previo exame da concorrencia das circunstancias alegadas, nos termos do previsto na Lei do procedemento administrativo das Administracións Públicas.

3. O Concello resolverá a solicitude da tarxeta dentro do prazo máximo de tres meses a contar dende o día seguinte ao da súa presentación no rexistro municipal..

4. No caso de que a solicitude se resolva de xeito favorable, o Concello procederá á entrega da tarxeta á persoa solicitante, de forma gratuíta, xunto coas condicións de uso.

Artigo 9.- Acceso de vehículos comerciais e distribuidores

O acceso de vehículos destinados ao abastecemento de establecementos comerciais situados nas zonas peonís quedará suxeito ás seguintes condicións:

a) As labores de carga e descarga realizaranse dentro do horario establecido a continuación e, no seu caso, nas zonas reservadas ao efecto.

Horario de carga e descarga:

-De luns a sábado: De 8 a 13 horas e de 16 a 19 horas.

-Domingos e festivos: Os domingos e festivos poderán entrar coa súa tarxeta aqueles vehículos vinculados a actividades comerciais situados nos lugares da zona regulada.

b) As labores de carga e descarga durarán o tempo imprescindible para levar a cabo as súas tarefas, non podendo exceder, en ningún caso, de 20 minutos.

Artigo 10. - Acceso de vehículos dos veciños, veciñas e residentes:

Os veciños, veciñas e residentes poderán acceder cos seus vehículos á zona peonil, previa a concesión da tarxeta que así o autorice e con atención ás seguintes limitacións:

a) Poderán acceder co vehículo ao seu domicilio ás 24 horas do día para a realización de operacións de carga e descarga de mercancías pesadas e/ou voluminosas, traslado de persoas dependentes ou en caso de urxencia médica.

b) O tempo de permanencia dos vehículos na zona peonil será o mínimo indispensable para realizar as operacións anteriores e, en ningún caso, superior a 30 minutos.

Artigo 11.- Acceso de vehículos de titulares de actividades comerciais ou industriais.

As persoas titulares das actividades comerciais ou industriais desenvolvidas nos locais situados na zona peonil que se atopen dadas de alta no IAE, poderán acceder cos seus vehículos ata os seus negocios, limitándose dito acceso, en todo caso, aos días e horas establecidos no artigo 9 para a realización de tarefas de carga e descarga.

Non obstante o anterior, naqueles casos en que as condicións particulares da actividade ou outras circunstancias debidamente acreditadas o xustifiquen, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar outros accesos fóra dos límites establecidos, previa solicitude do interesado/a.

Artigo 12.- Acceso de vehículos de gremios

1. Poderán solicitar a tarxeta de acceso ás zonas peonís do Concello de Fisterra, así mesmo, os gremios ou empresas para os fins que a continuación se determinan:

a) As empresas de fontanería, electricidade, reparacións, obras, etc, para atender a posibles avarías en situación de urxencia.

b) As empresas de construción, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados nas zonas peonís.

c) Outros gremios, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados en zonas peonís.

2. O acceso quedará limitado ao horario comprendido entre as 8 e as 19 horas.

3. Os vehículos pertencentes a todas as empresas ou gremios descritos neste artigo permanecerán nas zonas peonís o mínimo tempo indispensable para cargar ou descargar material, ou para realizar calquera outra actividade para a que sexa precisa o vehículo.

En todo caso, e fóra das circunstancias descritas, o/s vehículo/s permanecerá/n estacionado/s fóra da zona peonil durante todo o tempo que dure a realización da actividade.

Artigo 13.- Incumprimento das normas de acceso.

O acceso de vehículos sen a debida autorización á zona peonil, así como a permanencia nesta sen motivo que o xustifique, serán obxecto de sanción.

O incumprimento reiterado das normas de acceso e permanencia dentro das zonas restrinxidas poderá dar lugar á perda da tarxeta, de conformidade co previsto nos artigos seguintes.

Artigo 14.- Control de oficio

O Concello resérvase a posibilidade de comprobar de oficio, en calquera momento, o cumprimento dos requisitos establecidos para o outorgamento das tarxetas, procedendo, en caso de incumprimento, á súa anulación, sen prexuízo da adopción doutras medidas ou sancións previstas na presente Ordenanza.

Artigo 15.- Infraccións

1. Os incumprimentos ou omisións do previsto na presente Ordenanza serán constitutivos da correspondente infracción administrativa nos termos do previsto nos seguintes artigos, e serán sancionados con arranxo ao disposto no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, sen prexuízo do establecido na presente Ordenanza.

2. Aos efectos do previsto na presente Ordenanza, terán a consideración de infraccións moi graves as seguintes condutas:

- a) A falsificación das tarxetas reguladas nesta Ordenanza.
- b) A alteración ou manipulación dos documentos acreditativos das circunstancias que xustifiquen a concesión das tarxetas de acceso á zona peonil.
- c) A reiteración na comisión de dúas ou máis faltas das cualificadas como graves.

3. Aos efectos do previsto na presente Ordenanza, terán a consideración de infraccións graves, as seguintes condutas:

- a) O acceso á área afectada valéndose de tarxeta distinta á autorizada ou da tarxeta correspondente a outro vehículo e/ou persoa usuaria.
- b) A utilización indebida da tarxeta.
- c) Alteración ou manipulación das tarxetas concedidas e reguladas na presente Ordenanza.
- d) O acceso á área afectada con vehículo sen título habilitante.
- e) A cesión da tarxeta regulada na presente Ordenanza a persoa distinta á autorizada.
- f) A reiteración na comisión de dúas ou máis faltas das cualificadas como leves.

4. Aos efectos do previsto na presente Ordenanza, terán a consideración de infraccións leves, as seguintes condutas:

- a) O uso indebido da tarxeta concedida cando non se considere falta grave.
- b) A non devolución da tarxeta no suposto de modificación das condicións nas que foi concedida.
- c) O acceso á area obxecto de regulación cunha tarxeta caducada.
- d) A non exhibición da tarxeta de forma visible no vehículo para o que se concede.

Artigo 16.- Sancións

As infraccións tipificadas no artigo anterior sancionaranse en atención á súa gravidade, do seguinte xeito:

1.As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 601 a 1.500 €. Así mesmo, poderase retirar a tarxeta por un período de un a dous anos.

No caso de falsificación da tarxeta ou reiteración na comisión de infraccións moi graves, poderá procederse á retirada definitiva da tarxeta.

2.-As infraccións graves sancionaranse con multa de 301 a 600 €. Así mesmo, poderase retirar a tarxeta por un período de seis meses a un ano.

3.-As infraccións leves sancionaranse con multa de ata 300 €. Así mesmo, poderase retirar a tarxeta por un período de ata seis meses.

Artigo 17.- Suxeitos responsables

Serán responsables das infraccións reguladas na presente Ordenanza, a persoa ou persoas autoras da acción ou omisión en que consista a infracción, mesmo cando se cometese a título de mera inobservancia.

Así mesmo, será responsable e, en consecuencia, obxecto de sanción, a persoa titular da tarxeta concedida, polo uso indebido que faga desta un terceiro.

Cando o incumprimento de deberes e obrigas previstos na presente Ordenanza incumba conxuntamente a varias persoas, estas responderán solidariamente das infraccións que se cometan e as sancións que, se é o caso, se impoñan.

Artigo 18.- Procedemento sancionador

1.- A imposición das sancións previstas na presente Ordenanza requirirá a tramitación do procedemento sancionador, de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

02.- A tramitación do procedemento sancionador levarase a cabo polo servizo competente do Concello de Fisterra.

3.- Durante a tramitación dos expedientes sancionadores poderán adoptarse medidas cautelares, co contido e efectos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Artigo 19.- Autoridade competente para a incoación do procedemento e para a imposición de sancións

A competencia para a incoación de expedientes sancionadores e para a imposición de sancións pola comisión de infraccións reguladas na presente Ordenanza corresponde, de acordo ao previsto no artigo 21.1 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ao Sr. Alcalde-Presidente, sen prexuízo da habilitación a outros membros do goberno municipal que poida terse operado en virtude de acordos ou decretos de delegación adoptados ao efecto.

Artigo 20.- Prescrición de infraccións e sancións

As infraccións e sancións reguladas na presente Ordenanza están suxeitas aos prazos de prescrición establecidos con carácter xeral na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 21.- Resolución

1.- A Resolución que poña fin ao procedemento corresponde ao Sr. Alcalde-presidente ou concelleiro/a en quen delegue.

2.- Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impoñer unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se teña xustifico a improcedencia da segunda, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción.

Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución do 50% sobre o importe da sanción proposta. A citada redución deberá estar determinada na notificación da incoación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso na vía administrativa contra a sanción.

2) Expoñer ao público o expediente durante o prazo de Trinta días hábiles a efectos de alegacións no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, que en caso de non terse presentado entenderáse aprobada definitivamente, debendo publicarse o seu texto integro no citado periódico oficial.-

5º.- Resolucións da Alcaldía, para coñecemento.-

Dáse conta das seguintes :

- **Altas, Baixas e Cambios de Domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.**
- **Resolución de Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.**
- **Concesión en favor de Eduardo Insua Díaz dos días 29, 30 e 31 de xaneiro de 2018 por asuntos particulares.**
- **Aprobación Subsanción de deficiencias observadas pola Excma Diputación Provincial dentro dos Proxectos incluídos no POS + 2018:**

DENOMINACION	IMPORTE
Urbanización Rúas Laranxos e Camiño da Insua - Fisterra	115.049,75 €
Mellora de servizos e pavimentación en Denle	44.210,13 €
Mellora de servizos e pavimentación en Ermedesuxo de Arriba, Castro e Sisto	84.676,06 €

Mellora de servizos e pavimentación en Ermedesuxo de Arriba, Denle e Bispo	42.399,90 €
--	-------------

- Concesión en favor de Begoña Valdomar Insua os días 8 e 14 de febreiro por asuntos particulares.
- Contratación de Ana Isabel Suárez Buján como Auxiliar Domiciliaria ante a substitución da traballadora M^a Lourdes Domínguez Lago.
- Aprobación da Memoria “Mellora de Iluminación no Concello de Fisterra” cun presuposto que ascende á cantidade de Cincuenta mil cento sesenta e oito euros con corenta e un céntimos (50.168,41 €).
- Concesión dos días 9, 10, 11,12 e 13 de febreiro de 2018 por asuntos particulares en favor de M^a Lourdes Domínguez Lago.
- Xeración de créditos 1/2018 subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) polo importe de Vinte e un mil setecentos sesenta e nove euros con vinte céntimos (21.769,20 €).
- Aprobación de proxecto de obra denominada “Mellora da Corredoira de Marcos” cun presuposto de execución que ascende á cantidade de Vinte mil oitocentos quince euros con noventa e sete céntimos (20.815,97 €).
- Aprobación do proxecto da obra denominada “Mellora de Camiños Municipais Concello de Fisterra” (Escaselas a Praia de Rosto) cun presuposto de execución que ascende á cantidade de Corenta Mil setecentos cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (40.755,90 €).
- Solicitud de subvención para financiamento do posto de Técnico Deportivo a Excma. Deputación Provincial por importe de Trece Mil oitocentos oitenta e dous euros e oitenta e dous céntimos (13.882,82 €).
- Aprobación da Memoria Técnica do investimento denominado “Iluminación do Paseo Marítimo da Praia de Langosteira” cun presuposto de execución que ascende á cantidade de Corenta e cinco Mil oitocentos oitenta e dous euros con vinte céntimos (45.882,20 €) e solicitude da Axencia Turismo de Galicia unha subvención polo importe de Trinta e nove mil cincocentos vinte e tres euros con trece céntimos (39.523,13 €).
- Aprobación da Memoria explicativa das actividades que se desenvolven en Semana Santa e Festas do Cristo desde o día 23 de marzo ao 2 de abril de 2018 cun gasto previsible de Catro Mil novecentos cincuenta e catro con vinte e oito céntimos (4.954,28 €). Solicitud da Axencia de Turismo unha subvención por un importe total de Tres Mil euros (3.000 €).

- Aprobación da Memoria redactada polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación coa fin de levar a cabo o Programa Respira cun presuposto de oito mil oitocentos sesenta e un euros e sesenta céntimos (8.861,60 €) a levar a cabo durante o período comprendido entre o 1 ao 31 de xullo de 2018; así como solicitar da Secretaría Xeral de Igualdade unha axuda económica polo importe total do programa para fomento da Conciliación.

- Aprobación do proxecto para prestación do servizo denominado “Peóns forestais” cun importe total de Vinte e un mil setecentos sesenta e nove euros con vinte céntimos (21.769,20 €), así mesmo solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención polo importe do presuposto total.

- Aprobación Vacacións do Persoal integrados dentro do Programa de Cooperación da Xunta de Galicia ano 2018 .

Arafa Mokhtar	Peón	5 ao 12 de marzo de 2018
Mª Dolores Trillo Liñeiro	Peón	14 ao 28 de marzo de 2018
Ramón Liñeiro Santamaría	Peón	1 ao 15 de marzo de 2018
Patricia López Liñeiro	Peón	5 ao 12 de marzo de 2018

- Concesión de licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a favor de Sergio Mariño Valencia.

- Cancelación de garantía imposta por importe de Tres mil seiscentos dez euros con oito céntimos (3.610,08 €) a nome de Juan Miguel Traba Fernández para responder das obras de urbanización en base á licenza concedida para construción de vivenda unifamiliar.

- Aprobación de Memoria para a elaboración dun plan estratéxico de turismo no Concello de Fisterra cun presuposto de dezaoto mil euros (18.000,00 €) e solicitude de axuda ao Grupo de Acción do Litoral pesqueiro GALP Costa Sostible para o seu financiamento.

- Aprobación de Memoria explicativa redactada para levar a cabo o II Festival Internacional de Blues de Fisterra cun presuposto total de Cento Trinta e catro mil trescentos dez euros (134.310,00 €) así mesmo solicitar unha subvención para dita finalidade por importe de Noventa e catro mil dezasete euros (94.017,00 €).

- Solicitude de subvención de Vinte e nove mil setecentos corenta e tres euros con sesenta e oito céntimos (29.743,68 €) coa fin da campaña limpeza de praias.

- Cancelación de garantía definitiva por parte da empresa Búa Construcciones y Servicios S.L por importe de setecentos cincuenta euros

(750,00 €) pola obra “Reforma de escaleiras na Travesía na Rúa Real Fisterra”.

- Levantamento da suspensión acordada mediante resolución de data 1 de febreiro de 2018 con efectos do día 8 de marzo de 2018 en relación ao expediente administrativo iniciado a nome de Lourdes Domínguez Lago e Antonio Domínguez Santos.

- Autorización de licenza para celebración de bailes e verbenas populares gratuítos os días 31/03 e 1, 2/04/2018 na zona portuaria con motivo dos festexos do Santo Cristo.

- Licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a nome de David Buiturón Trillo.

- Aprobación das Bases contratación de técnicos de turismo (Deputación 2018) en réxime laboral eventual.

- Aprobación das Vacacións do Persoal subvencionado:

M^a Cristina Canosa Insua	Peón	10 ao 16 de abril
M^a Dilea Traba Outes	Peón	10 ao 16 de abril

- Concesión de axuda social a favor de C. L. C. por importe de Trescentos Euros (300,00 €) por ser persoa carente de recursos económicos.

- Expediente de reposición da legalidade urbanística a nome de Jose Manuel Martínez Domínguez debido a construción dun peche con estrutura metálica con depósito de pedras nunha parcela sita na Rúa San Xoán 24, parroquia de Sardiñeiro.

- Concesión de asuntos particulares a favor de María José Traba Traba os días 19 e 20 de abril de 2018.

- Trámite de audiencia a instancia de Lourdes Domínguez Lago e Antonio Domínguez Domínguez.

- Concesión de Días por Hospitalización a favor de Juan Carlos Pérez Carril os días 19, 20, 23, 24 e 25 de abril de 2018 por intervención quirúrxica de familiar.

- Aprobación de liquidación de presuposto ordinario exercicio 2017

- Lista provisional de admitidos e excluídos prazas de técnico de turismo:

MARIA SELENE TRILLO DIAZ
VALENTIN FUENTES MARTINEZ
PATRICIA GARCIA GARCIA
ALIS ANA LOPEZ GOMEZ
MARIA RODRIGUEZ FERNANDEZ
LUCIA DOMINGUEZ OUTES
TANIA LOURIDO LOPEZ
IRIA GARCIA SAR

- Incorporación como voluntariados para prestar temporalmente os servizos de voluntarios na Biblioteca municipal.

- Liste Definitiva de admitidos e excluídos prazas de técnico de turismo:

MARIA SELENE TRILLO DIAZ
VALENTIN FUENTES MARTINEZ
PATRICIA GARCIA GARCIA
ALIS ANA LOPEZ GOMEZ
MARIA RODRIGUEZ FERNANDEZ
LUCIA DOMINGUEZ OUTES
TANIA LOURIDO LOPEZ
IRIA GARCIA SAR

- Contratación de Ana Isabel Suárez Buján ante a substitución de M^a Lourdes Domínguez Lago, como Auxiliar Domicilio.

- Trámite de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para mantemento do Servizo de Normalización por importe de Cinco Mil Euros (5.000 €).

- Nomeamento de María Rodríguez Fernández como técnico de turismo (Subvención Deputación) durante o período comprendido entre o 1 de maio ata o 30 de novembro de 2018.

- Aprobación do gasto de Cinco Mil cento noventa e un euros e cincuenta e sete céntimos (5.191,57 €) coa fin de devolver a cantidade aboada no seu día pola Empresa Doble Ele S. L en concepto de facturas emitidas por Endesa correspondentes ao edificio O Semáforo.

- Nomeamento de Iria García Sar como técnico de turismo (Subvención Deputación) durante o período comprendido entre o 1 de maio ata o 30 de novembro de 2018.

- Solicitud á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención para levar a cabo o proxecto denominado “Fisterra Blues Experience” que se vai celebrar os días 15 e 16 de xullo de 2018.

- Concesión de días por asuntos particulares a favor de Miguel Angel Olveira Traba os días 3 e 4 de maio de 2018.
- Concesión de días por asuntos particulares a favor de Amable Canosa Martínez os días 26, 18 e 21 de maio de 2018.
- Concesión de días por asuntos particulares a favor de Noelia Castreje os día 16 e 18 de maio.
- Concesión de días por hospitalización de familiar a favor de Pilar García Trillo os días 3 e 4 de maio de 2018.
- Concesión de vacacións en favor de M^a Cristina Canosa Insua durante os días 8, 9 e 10 de maio.
- Concesión de días por falecemento de familiar 1^o grao de consaguinidade a favor de Pilar García Trillo, os días 3, 4, 7, 8 e 9 de maio.
- Concesión de días por falecemento de familiar 2^o grao de consaguinidade a favor de Dilea Traba Outes, os días 4 e 7 de maio.
- Concesión de axuda económica a favor de C. O. R. por importe de Trescentos Euros (300,00 €) ao tratarse dunha persoa carente de recursos económicos.
- Aprobación das Bases específicas para a contratación en réxime laboral eventual de dous técnicos de información turística (Xunta de Galicia).

O Pleno dáse por enterado

6^o.- Rogos e preguntas.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

- Por que non se lle concedeu a bandeira azul este ano o Concello de Fisterra?

Sr. Alcalde: Voulle contestar o mesmo que me dixo vostede no seu momento, de momento non me dixeron a razón pola cal non nola concederon.

Ao non aparecer o Concello de Fisterra na Lista, fixéronse as alegacións oportunas contra esta negativa, pero non nos contestaron todavía.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21: 35 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**